

# Conservatorio Profesional de Música de Vigo

## PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

---

### CONXUNTO DE VENTO METAL

(G. Profesional)

**Departamento de Conxunto**

---

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



## Índice

---

Introdución: .....	3
GRAO PROFESIONAL.....	3
Conxunto 1º Curso.....	3
Obxectivos: .....	3
Contidos: .....	4
Criterios de Avaliación: .....	4
Valorarase: .....	5
OBXECTIVOS MÍNIMOS .....	5
Conxunto 2º Curso.....	5
Obxectivos: .....	5
Contidos: .....	6
Criterios de Avaliación: .....	6
Valorarase: .....	7
OBXECTIVOS MÍNIMOS .....	7
ALUMNADO CON DISCAPACIDADE .....	7
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO POLA PERDA DA AVALIACIÓN CONTÍNUA....	8
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.....	8
PROBAS DE ACCESO A 2º DE GRAO PROFESIONAL.....	9
FALTAS DE ASISTENCIA.....	10



## Introdución:

A práctica de grupo no Grao Profesional é unha necesidade na formación musical dos alumnos. A clase de Conxunto aporta numerosos beneficios os alumnos a nivel psicolóxico, social, ético, afectivo e cognitivo.

Na clase de Conxunto ponse en práctica aspectos básicos da formación dos alumnos, tanto os derivados da clase de instrumento coma do resto das materias que conforman o currículo. Fronte o carácter individual da ensinanza de instrumento a clase de Conxunto aporta unha visión igualitaria dos diferentes instrumentos, buscando un fin colectivo coma a suma de individualidades.

Nesta clase proporcionase os alumnos un marco no que poidan desenrolar ferramentas para a interpretación de grupo que logo aplicarán na clase de Banda, coma son o traballo do oído polifónico, a afinación, os diferentes planos sonoros, dinámicas, fraseo, articulación, ritmo...

A materia de Conxunto de Vento Metal consta de dous cursos e corresponden aos dous primeiros anos do Grao Profesional.

## GRAO PROFESIONAL

### Conxunto 1º Curso

#### Obxectivos:

Este primeiro curso de Conxunto terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Interpretar na sección obras de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Coñecer as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, buscando o equilibrio da sección.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.



- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Interpretar obras representativas do repertorio programado para a sección instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

#### Contidos:

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de mínima dificultade, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.

#### Criterios de Avaliación:

Ó final do curso o alumno deberá ser capaz de:

- Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como responsable da sección, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e saben utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódese valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista fragmentos dunha obra de pequena dificultade na sección que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.



- Estudiar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público na orquestra ou banda as obras traballadas na sección. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada.

#### Valorarase:

- A corrección na interpretación nos seguintes aspectos: dominio da obra, corrección na articulación, agónica, dinámica, fraseo, equilibrio dos distintos planos sonoros, adaptación ó conxunto, estilo apropiado.
- O traballo de cada alumno en canto ó estudio persoal e de conxunto, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo.
- A asistencia continuada a clase como único medio para logra-los obxectivos previstos e poder permiti-lo progreso do traballo en grupo.
- A actitude apropiada ante o público permitindo unha interpretación axeitada nos aspectos xa citados.

#### OBXECTIVOS MÍNIMOS

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a cada curso.

#### Conxunto 2º Curso

##### Obxectivos:

Este segundo curso de Conxunto terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Interpretar na sección obras de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Coñecer as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, buscando o equilibrio da sección.



- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Interpretar obras representativas do repertorio programado para a sección instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

#### Contidos:

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de mínima dificultade, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.

#### Criterios de Avaliación:

Ó final do curso o alumno deberá ser capaz de:

- Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como responsable da sección, dirixindo a interpretación colectiva entanto que realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e saben utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódese valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.



- Ler a primeira vista fragmentos dunha obra de pequena dificultade na sección que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público na orquestra ou banda as obras traballadas na sección. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada.

#### Valorarase:

- A corrección na interpretación nos seguintes aspectos: dominio da obra, corrección na articulación, agónica, dinámica, fraseo, equilibrio dos distintos planos sonoros, adaptación ó conxunto, estilo apropiado.
- O traballo de cada alumno en canto ó estudio persoal e de conxunto, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo.
- A asistencia continuada a clase como único medio para logra-los obxectivos previstos e poder permiti-lo progreso do traballo en grupo.
- A actitude apropiada ante o público permitindo unha interpretación axeitada nos aspectos xa citados.

#### OBXECTIVOS MÍNIMOS

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a cada curso.

#### ALUMNADO CON DISCAPACIDADE.

No decreto 198-2007 de 27 de setembro (DOGA do 25 de outubro de 2007) da LOE (Título II Equidade na Educación, Capítulo I, Alumnado con necesidade específica de apoio educativo), referido ao alumnado con discapacidade, di:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”



## **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO POLA PERDA DA AVALIACIÓN CONTÍNUA**

O número de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 9 (ver anexo 1). O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño. O profesor realizará un exame e o repertorio esixido quedará ao criterio do mesmo profesor acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de Xuño.

### **Na proba de xuño terase en conta dúas posibilidades:**

A) Para os alumnos que asistiron e desenvolveron ao longo do curso gran parte do traballo do mesmo, ese traballo, así como a asistencia e o interese amosado, poderá representar entre o 20 e 40% da cualificación total. O porcentaxe restante da cualificación corresponderá, a realización da proba cun protocolo igual que o de setembro.

B) No caso dos alumnos que non asistiron durante o curso, ou a súa asistencia e traballo non sexa significativa, terase en conta única e exclusivamente, a realización da proba tal como está contemplada na proba extraordinaria de setembro.

## **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.**

Na convocatoria extraordinaria de setembro terase en conta, única e exclusivamente, a realización da proba tal como está contemplada na programación vixente.

### **Probas extraordinarias de setembro**

O alumnado que non supere a materia de Conxunto en xuño, poderá presentarse ás probas extraordinarias que terán lugar nos primeiros días do mes de setembro.

O profesor da materia poderá indicar no Informe de Materia Non Superada que se entrega no mes de Xuño, algún aspecto particular a presentar en devandita proba, ademais dos especificado en xeral a continuación na proba de setembro para superar o curso.

#### 1.- Programa de concerto:

O alumno presentará un programa de concerto de duración non inferior a 20 minutos de música, escollido de entre o repertorio traballado na materia de Conxunto.

Dito programa de concerto terá que ser presentado ao profesor correspondente da materia con 5 días de antelación a data de exame. O documento con devandito programa deberá entrar por rexistro da Secretaría do Conservatorio no prazo sinalado.

O alumno que se examina deberá interpretar a parte correspondente ao xefe de sección.

#### 2.- Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar fragmentos orquestrais non necesariamente correspondente ao repertorio de Conxunto do curso escolar. Durante



este período de lectura, o alumno poderá dixitar pero non tocar. Posteriormente executará individualmente os fragmentos.

### 3.- Exame de coñecementos teóricos:

O alumno contestará de forma oral ou escrita a un conxunto de cuestións sobre o repertorio traballado na materia de conxunto no curso escolar (compositores, historia, forma, entorno estético da composición, etc.)

## **PROBAS DE ACCESO A 2º DE GRAO PROFESIONAL**

Este modelo de proba constará de tres probas:

### 1.- Programa de concerto:

O alumno presentará un programa de concerto de duración non inferior a 20 minutos de música e adaptado ó nivel do curso ó cal se presenta (ver programación). Dito programa de concerto terá que ser presentado ó tribunal correspondente con 5 días de antelación á data de exame. O documento co devandito programa deberá entrar por rexistro da Secretaría do Conservatorio no prazo sinalado. O alumno que se examina deberá interpretar a parte correspondente ao xefe de sección.

### 2.- Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar fragmentos. Durante este período de lectura, o alumno poderá dixitar pero non tocar. Posteriormente executará ditos fragmentos.

### 3.- Exame de coñecementos teóricos:

O alumno contestará de forma oral ou escrita a un conxunto de cuestións sobre o repertorio (compositores, obras, estilos, etc.).



## ANEXO I

### FALTAS DE ASISTENCIA

Establécense dous tipos de faltas:

- Xustificadas
- Sen xustificar.

O profesor titor (profesor de instrumento) será o responsable de controlar as faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

Faltas Xustificadas			Faltas sen Xustificar		
	Por Trimestre	Total Curso		Por Trimestre	Total Curso
Materias de 1 sesión semanal	3	9	Materias de 1 sesión semanal	2	6

\* Non se poderá superar o número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse ou máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa non trimestre, ou non total do curso.